3. Respecto polo espírito do EEES tanto no referente ao tamaño dos Grupos de Docencia Interactiva (20 alumnos por grupo) buscando evitar a masificación de cara á mellora da calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Neste sentido e malia a que a Universidade permitiu subir os Grupos de Docencia Interactiva ata os 40 alumnos para aliviar a carga docente en Departamentos moi cargados de docencia, como é o de Xeografía, procedeuse a manter para o Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio o seu número en 20, xa que pensamos que debemos primar a docencia de calidade e os docentes do grao teñen un compromiso co título que imparten máis alá do aforro persoal de impartir menos horas de docencia. Isto supón unha carga docente que sitúa aos profesores do Departamento de Xeografía moi por riba da media da Universidade, co engadido de ter que asumir a docencia dun gran número de materias.
4. Seguimento e análise do título por parte de Comisión do Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio
5. Información pública na web do título, actualizada polos responsables.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**1. Modificar a memoria de Grao no capítulo referente a normativa de permanencia, vixente na USC**

- **Punto débil:** O apartado de permanencia da memoria cumpre actualizalo con respecto á normativa de permanencia da USC, polo que se procederá a súa modificación no momento en que se produza a verificación do título
- **Ámbito de aplicación:** USC
- **Responsable:** Decanato, Comisión de Calidade do Centro, Comisión do título, Consello de Goberno
- **Obxetivos específicos:** Actualizar a memoria de Grao acorde á normativa vixente
- **Actuacións a desenvolver:** Modificación do texto da Memoria de Grao, acorde aos novos regulamentos da USC
- **Período de execución:** Curso 2013-2014
- **Recursos/financiación:** No se precisan
- **Responsable do seguimento:** Coordinador de Grado, Decano do Centro, Vicerreitor de Titulacións
- **Indicadores de execución:** Mentres non se produza a modificación está dispoñible un enlace na páxina web do centro, no que se recolle a normativa.  
Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/regulamentos.html>

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

**XUSTIFICACIÓN**

*Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Referentes:**

1. **Apartado 2 de la MVT**
2. JUSTIFICACIÓN..... 3

2.1. Justificación del título propuesto, argumentando el interés académico, científico o profesional del mismo .....	3
2.2. Referentes externos a la Universidad proponente que avalen la adecuación de la propuesta a criterios nacionales o internacionales para títulos de similares características académicas .....	6
2.3. Descripción de los procedimientos de consulta internos y externos utilizados para la elaboración del plan de estudios.....	6

**C. SGIC: Manual del sistema:**

C.1. Capítulo 4 – MC04: Política y objetivos de calidad.

**D. SGIC: Manual de procedimientos**

D1. XEOGRAFÍA E HISTORIA P01-PC-01 Procedimiento de diseño del título.

D2. XEOGRAFÍA E HISTORIA PE-01 Planificación estratéxica del centro.

D3. XEOGRAFÍA E HISTORIA PE-02 Política y objetivos de calidad del centro.

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

<b>Satisfactoria</b>	<b>X</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Trátase dunha titulación única dentro do Sistema Universitario de Galicia. Os estudos de Xeografía e Ordenamento Territorial contan cunha longa tradición tanto no ámbito universitario estatal como europeo dende o século XIX. Esta circunstancia xa lle da unha xustificación evidente. En todo caso a documentación da xustificación do título, de acordo ao seu interese académico, científico e profesional, e aténdose a referentes externos que avalasen a adecuación da proposto tanto ao marco nacional como ao internacional con respecto a títulos similares, así como a descrición dos procedementos internos e externos usados para a elaboración do plan, segue o capítulo 2 da MVT (ver referente A) e respectando o establecido no capítulo 4 do Manual do SGIC e os procedementos fixados no Manual de procedementos para o relativo ao deseños do título, á planificación estratéxica do centro e á política de obxectivos de calidade do centro (ver referentes C e D).

En todos aqueles aspectos relacionados coa política e os obxectivos de calidade da formación, o SGIC documentou todo o establecido na directriz 1, p. 9 do Programa FIDES-AUDIT (ver referente B).

Podemos apuntar tamén que o Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela conta cunha longa tradición na ensinanza e na investigación en Xeografía e Ordenamento Territorial, que afonda as súas raíces na cátedra que ostentara hai xa máis de 60 anos o insigne D. Ramón Otero Pedrayo. Na actualidade o departamento está integrado por unha vintena de profesores, de tres áreas de coñecemento: Xeografía Física, Xeografía Humana e Análise Xeográfica Rexional. A Xeografía é unha ciencia antiga, pero con moito futuro. Na actualidade conta cunha notable proxección social e laboral. Existe un crecente interese en asuntos territoriais de primeira magnitude como o cambio climático, o desenvolvemento sostible, a degradación ambiental, a desigualdade social ou as migracións e a mobilidade da poboación, entre outros. É por iso que a Xeografía tense convertido nunha das máis relevantes ensinanzas que se poden sen dúbida escoller para facer estudos universitarios, porque non se trata só dun coñecemento sumamente interesante en si mesmo, senón tamén con relevantes perspectivas de empleabilidade. Existe unha demanda crecente de profesionais que teñan algo que aportar ao coñecemento do territorio, á súa ordenación, organización e que poidan interpretar de xeito adecuado as relacións entre o local e o global, habilidades todas elas que son básicas nos xeógrafos.

**BOAS PRÁCTICAS:**

1. Colaboración con referentes externos e internos para consultas sobre o interese da titulación.
2. Proposta de título avalada por referencias nacionais e internacionais.
3. Análise da organización de titulacións semellantes (no estado son máis de 20 os graos de Xeografía existentes).
4. Mantemento actualizado de páxina web do centro por parte dos responsables da titulación:  
<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/graosexo.html>

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>	<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>

--	--

**COMPETENCIAS/OBXECTIVOS**

*Valorase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Referentes:**

1. Apartado 3. de la MVT

OBJETIVOS..... 9

**C. SGIC: Manual del sistema:**

C.1 Capítulo 6 - MCO6: Objetivos del plan de estudios y garantía de calidad de los programas formativos.

**D. SGIC: Manual de procedimientos:**

D1. XEOGRAFÍA E HISTORIA PC-01: Diseño y aprobación de la oferta académica.

D2. XEOGRAFÍA E HISTORIA P01-PC01: Prodedimiento de diseño del título.

D3. XEOGRAFÍA E HISTORIA PC-02: Proceso de suspensión del título.

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

Satisfactoria	A	Suficiente	X	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Na memoria de verificación do título de Xeografía e Ordenación do Territorio enúncianse obxectivos xenéricos e específicos e transversais que pretenden dotar aos alumnos e alumnas dunha serie de competencias que os capaciten para o posterior exercicio profesional nunhas condicións óptimas. É por iso que dende os responsables da coordinación do Grao se está a traballar moito nas competencias específicas relacionadas coa adquisición de coñecementos técnicos útiles e demandados no mercado laboral (Sistemas de Información Xeográfica, Métodos e técnicas de traballo de Campo e Laboratorio, Interpretación e elaboración das diferentes familias de plans de ordenación territorial a diferentes escalas). Isto faise mediante o compromiso da maioría dos docentes do Grao en introducir este tipo de cuestións de xeito transversal á hora de desenvolver as prácticas interactivas e os traballos de curso que se encargan aos alumnos.

O establecemento de esta estratexia de potenciación dese tipo de competencias faise a través dun intenso traballo de coordinación (dende os coordinadores de cada un dos cursos e dende o coordinador de Grao) da programación docente de todas as materias así como na guía docente de cada unha delas. Esta programación e as correspondentes guías docentes se atopan a disposición dos alumnos no Campus virtual da USC. Deste xeito ademais de buscar un intenso de traballo transversal de capacitación en competencias transversais necesarias para os futuros egresados tamén se pretende evitar solapamentos e mellorar a calidade da docencia.

**BOAS PRÁCTICAS:**

1. Establecemento dos obxectivos do título como marco referencial para a fixación dos diferentes niveis de obxectivos específicos en módulos e materias do grao, coa finalidade de potenciar a adquisición de competencias técnicas específicas dos xeógrafos.
2. Mantemento da información pública e actualizada sobre os obxectivos da titulación.
3. Compromiso dos responsables da titulación, do profesorado e do persoal de Administración na consecución das competencias do título.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**1. ENQUISA ENTRE AS INSTITUCIÓNS E EMPRESAS QUE ACOLLAN ESTUDIANTES EN PRÁCTICAS PARA VERIFICAR A CORRECTA ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS TÉCNICAS DOS ALUMNOS**

- Punto débil: Non existe a priori, a idea é estudar se a adquisición de competencias técnicas é axeitada ou se precisan modificar os obxectivos ou competencias da titulación
- Ámbito de aplicación: Institucións e empresas coas que se teñen firmados convenios para as prácticas dos alumnos de último curso da titulación
- Responsable: Decanato da Facultade de Xeografía e Historia, Coordinadores de título, Titores de prácticas
- Obxectivos específicos: Analizar a necesidade de mellora ou de modificación dos obxectivos e competencias presentes na titulación, en especial os relacionados coa adquisición de competencias técnicas demandadas no mercado laboral
- Período de execución: Curso 2012-2013 como inicio pois chegará a primeira promoción ao seu último

<p>ano de Grao, momento no que se densenvolven as prácticas. Posteriormente se repetirá en cada curso académico sucesivo</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Recursos/financiación: No se precisan</li> <li>▪ Responsable do seguimento: Decano do Centro, Coordinador de Grado, titores de prácticas externas</li> <li>▪ Indicadores de execución: Resultado da enquisa que será difundido na páxina web do centro e na do Departamento de Xeografía</li> </ul>	
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>	<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>

## ACCESO E ADMISIÓN DE ESTUDANTES

*Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.*

### Referentes:

1. Apartado 4. de la MVT

<b>ACCESO Y ADMISIÓN DE ESTUDIANTES.....</b>	<b>11</b>
4.1. Sistemas de información previa a la matriculación y procedimientos accesibles de acogida y orientación de los estudiantes de nuevo ingreso para facilitar su incorporación a la Universidad y la titulación.....	11
4.2. Acceso y admisión .....	12
4.3. Sistemas de apoyo y orientación a los estudiantes una vez matriculados.....	12
4.4. Transferencia y reconocimiento de créditos: sistema propuesto por la Universidad ...	13

### C. SGIC: Manuel del sistema:

- C1. Capítulo 5 - MC 05: Política y procedimientos de admisión.

### D. SGIC:Manual de procedimientos:

- D1. XEOGRAFÍA E HISTORIA PC-04: Captación de estudiantes.

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>X</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusiones:

O acceso á titulación é o establecido pola normativa vixente que emana da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e do Sistema Universitario de Galicia, de xeito que a maneira de acceder aos estudos de Xeografía e Ordenación do Territorio é a través da superación das probas de acceso á Universidade, tanto dende o bacharelato como dende as vías de habilitación a través da experiencia profesional demostrada ou a dos maiores de vintecinco e corenta anos, que contan cunha proba específica.

As campañas de captación de alumnos fanse a través dun sistema de información e difusión da titulación compartido por toda a comunidade universitaria compostelá, o programa A Ponte, que consiste na realización de charlas en distintos centros galegos. Este sistema se complementa con contactos xestionados dende o propio Departamento na procura de institutos nos que difundir o Grao.

Esta información complementábase con aquela que ofrece a propia Universidade a través do mantemento da páxina web, na que aparece información detallada do procedemento de matrícula. Ao tempo, tamén figura información detallada da titulación nas Webs da Facultade de Xeografía e Historia e do Departamento de Xeografía ([www.usc.es/xeograf](http://www.usc.es/xeograf)), nas que se recollen as materias que se imparten, as programacións das mesmas, os horarios, así como a información básica da propia Facultade de Xeografía e Historia, que acolle a titulación (<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/index.html>).

Unha vez matriculados e admitidos na titulación os estudantes serán informados na primeira semana do curso dos aspectos esenciais do funcionamento da titulación e do centro. Para iso están programadas nos horarios oficiais unha serie de reunións con cada un dos cursos, pero cun detalle e duración superior no caso dos alumnos de primeiro, de carácter informativa na que os responsables da titulación e do centro expoñen os requisitos para superar as materias, os aspectos de interese e as cuestións básicas que deben ter presentes os alumnos. A reunión cos alumnos de primeiro inclúe, ademais, unha sesión informativa sobre infraestruturas coas que conta o centro e como poder empregarlas con éxito. Tamén son introducidos no funcionamento administrativo do centro, co fin de coñecelo de xeito básico e de que poidan superar calquera dificultade que se

lles presente nun momento.

Estas actividades de presentación, que tenden a facilitar a inserción dos alumnos na titulación, no centro e por extensión na Universidade, complementáanse durante o desenvolvemento do curso académico coa organización de reunións cuatrimestrais entre os alumnos e coordinadores de curso e grao para verificar posibles problemas xurdidos.

Os datos desas reunións serven para a corrección de desequilibrios e pensamos que teñen un claro reflexo nos resultados da satisfacción de estudiantado coa docencia recibida, que é boa e bastante estable, como se poden ver nos resultados obtidos: no Curso 2009-2010, se acadou unha nota media de 5.53, e no Curso 2010-2011, tivose un 5.2 (ambas referidas a unha escala entre 1-7); e no curso 2011-2012, no que se cambiou a escala de medición a unha cun máximo de 5, unha puntuación do 3.87. Puntuación moi semellante nos tres casos (se as normalizásemos a unha escala de 10 serían respectivamente de 7.9, 7.4 e 7.7, respectivamente), o que parece indicar unha satisfacción alta e avala a validez do procedemento utilizado, aínda que loxicamente se deberá seguir traballando para acadar unha mellora na satisfacción do alumnado.

Fonte.- [http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/2012-10-30\\_Satisfaccixn\\_do\\_estudiantado\\_coa\\_docencia\\_recibida\\_GRAOS.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/2012-10-30_Satisfaccixn_do_estudiantado_coa_docencia_recibida_GRAOS.pdf)

#### BOAS PRÁCTICAS:

1. Acceso á titulación de alumnos e alumnas con diferentes perfís, tanto de idade como profesionais
2. Mantemento e actualización das páxinas web do centro e do departamento, coa información xeral e polo miúdo da titulación.
3. Reunións de presentación cos alumnos do Grao, fixados no horario oficial do Grao.
4. Participación no programa A Ponte, para difusión da titulación nos centros de ensinanza secundaria. Complementación deste programa con visitas a centros de secundaria xestionados polo propio Departamento.
5. Disposición dos responsables da titulación (coordinador, coordinadores de grao, dircción do departamento) para a atención ás consultas particulares e personalizadas do alumnado para resolver todas as dudas que se plantexan sobre o procedemento de acceso e admisión á hora de realizar a matrícula.
6. Posta en marcha, para o curso 2012-2013, do sistema tutorial na Facultade de Xeografía e Historia. [http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/modules/news/news\\_0001.html](http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/modules/news/news_0001.html) para a orientación aos estudantes do primeiro curso de Grao.

#### PROPOSTAS DE MELLORA:

##### 1. Axustar o calendario de ingreso ao Grao para os alumnos de novo acceso. Actuación necesaria consensuada coas outras titulacións do centro e co Decanato

- **Punto débil:** Descontrol e desequilibrios docentes ocasionados polo ingreso de alumnos a lo longo do período de matrícula aberto con posterioridad á convocatoria de setembro das PAAU e coa docencia de Grao iniciada.
- **Ámbito de aplicación:** Global (Xunta de Galicia-USC-Centro).
- **Responsable:** Consellería de Educación da Xunta de Galicia, Secretaria Xeral, Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador.
- **Obxetivos específicos:** Lograr o peche do período de matrícula nunha data anterior ao inicio das clases de Grao.
- **Actuacións a desenvolver:** Coordinación do calendario de celebración das PAAU, en especial das datas de celebración das probas da segunda convocatoria das PAAU e o conseguinte período de matrícula.
- **Período de execución:** Curso 2013-2014.
- **Recursos/financiación:** No se precisan.
- **Responsable do seguimento:** Coordinador de Grao, Decano del Centro, Vicerreitor de Titulacións.
- **Indicadores de execución:** Dispoñer de listas pechadas de matrícula ao inicio do período docente.

#### BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS

#### XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Modificación do sistema de acceso para maiores de corenta anos

Figuran na páxina web da Facultade de Xeografía e Historia na que se recollen os documentos relativos á titulación



## PLANIFICACIÓN DAS ENSEÑANZAS

Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da enseñanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de enseñanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.

### Referentes:

1. Apartado 5. de la MVT  
**PLANIFICACIÓN DE LAS ENSEÑANZAS..... 15**  
 5.1. Estructura de las enseñanzas..... 15  
 5.2. Planificación y gestión de la movilidad de estudiantes propios y de acogida. .... 25  
 5.3. Descripción detallada de los módulos o materias de enseñanza-aprendizaje de que consta el plan de estudios..... 27

### D. SGIC: Manual del Sistema:

D.1. Capítulo 7 - MC 07: Planificación de la enseñanza y orientación del aprendizaje.

### E. SGIC: Manual de Procedimientos:

- E.1. XEOGRAFÍA E HISTORIA PC-03: Planificación de la enseñanza.
- E.2. XEOGRAFÍA E HISTORIA S01-PC-03: Subproceso de elaboración del Plan Docente Anual (PDA) del Centro.
- E.3. XEOGRAFÍA E HISTORIA S02-PC-03: Subproceso de Elaboración y aprobación del POD de los Departamentos.
- E.4. XEOGRAFÍA E HISTORIA S03-PC-03: Subproceso de Programación de las materias.
- E.5. XEOGRAFÍA E HISTORIA S04-PC-03: Elaboración de horarios y calendario de exámenes.
- E.6. XEOGRAFÍA E HISTORIA PC-06: Tutoría y orientación al estudiante.
- E.7. XEOGRAFÍA E HISTORIA PC-07: Programas de movilidad de estudiantes.
- E.8. XEOGRAFÍA E HISTORIA PC-08: Gestión de prácticas externas.
- E.9. XEOGRAFÍA E HISTORIA PC-09: Coordinación de la actividad docente.
- E.10. XEOGRAFÍA E HISTORIA PC-10: Evaluación del aprendizaje

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	X	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusiones:

De acordo coa normativa vixente, o Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio ofrece un total de 282 créditos dos que o alumno debe de cursar 240, en catro anos, dos que cada curso debe de cursar 60. Estes créditos divídense en función das materias, todas elas cuatrimestrais, en varios campos: materias de formación básica, (66 créditos), materias obrigatorias (132 créditos), materias optativas, entre as que se contempla as prácticas externas (6 créditos) e o Traballo Fin de Grao (12 créditos). Estas materias agrúpanse nunha serie de módulos: Formación Básica (66 ECTS), Teoría, Métodos e Técnicas Instrumentais (48 ECTS), Dinámicas naturais e Antrópicas do Territorio (66 ECTS) e Ordenación do Territorio (30 ECTS).

Dende a coordinación do Grao e o Departamento que o soporta estase moi satisfeito coa marcha do plano de estudos, nótase unha capacitación técnica para o mercado laboral superior entre os estudantes de grao respecto dos de Licenciatura, pois se ven traballando moito máis a coordinación entre as materias e o establecemento de mecanismos de introdución nas prácticas e traballos das ferramentas técnicas transversais que deben manexar os titulados en xeografía.

Po iso estanse a potenciar os procedementos e mecanismos de seguimento de cada un dos cursos mediante unha maior axilización das relacións e intercambios de información entre o alumnado e a Coordinación do Grao e dos distintos coordinadores de Curso. Para isto puxéronse en marcha durante o presente curso 2012-2013 reunións cuatrimestrais de cada un dos cursos de grao co seu respectivo coordinador, para que poidan transmitir de primeira man os posibles desaxustes, problemas e tamén, por suposto, os aspectos positivos a manter e potenciar. Posteriormente faranse reunións dos coordinadores de curso de maneira conxunta co coordinador de grao para establecer as conclusións pertinentes e tomar as medidas oportunas aos resultados das reunións previas parciais (curso por curso) cos alumnos.

Igualmente, nas xuntanzas dos coordinadores de curso cos respectivos profesores tratáse de levar a cabo una planificación conxunta das prácticas de campo, co fin de xestionar de forma mais favorable os recursos disponibles ao tempo que dotar aos alumnos dunha experiencia mais enriquecedora que a realización de prácticas individuais feitas por un único profesor

Outro dos elementos sobre o que se debería de reflexionar neste apartado se atopa no feito de que é preciso realizar, desde os organismos responsables da titulación, un maior esforzo por lograr un maior compromiso do profesorado implicado na titulación cos métodos de enseñanza-aprendizaxe do Grao, no que o profesor debe de ter un papel mais activo que o desempeñado nos antigos estudos de Licenciatura.

Un exemplo neste sentido é que trala experiencia do grao, a gran maioría dos profesores da titulación están a introducir modificacións no programa para convertilos en guías docentes coordinadas, concretas e viables adaptadas aos obxectivos da titulación e enfocados dende a perspectiva transversal e aplicada coa que pretendemos redactar a proposta futura de mellora do grao, unha vez que sexan examinados os resultados da futura primeira promoción de egresados.

## BOAS PRÁCTICAS:

1. Coordinación polo miúdo entre o Departamento de Xeografía e o Decanato nos aspectos relacionados coa planificación do ensino (Programacións de materias, PDA e POD).
2. Mantemento de información pública relativa á planificación da titulación, na paxina web do centro na que se recollen os datos de todas as titulacións ofertadas no mesmo, no que se especifica o PDA da titulación, o POD e as diferentes programacións en os dous idiomas oficiais da USC e en inglés, para facilitar a adecuación á política de internacionalización.
3. Aposta polo mantemento das titorías personalizada, tal e como está establecido na MVT, por entender que son un mecanismo perfecto para o seguimento da avaliación continua ao alumnado.
4. Manter os grupos de docencia interactiva de tamaño reducido (20 alumnos por grupo), aínda que a Universidade permita a Departamentos moi cargados de docencia como o de Xeografía subir a ratio ao dobre de alumnos por grupo.
5. Elaboración de un regulamento para os Traballos Fin de Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio, e a difusión do mesmo a través da páxina web: [http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/modules/news/news\\_0010.html](http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/modules/news/news_0010.html).
6. Elaboración e promoción de convenios para a realización dos estudantes das prácticas externas en empresas e elaboración do regulamento e do calendario de implantación previsto [http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/modules/news/news\\_0009.html](http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/modules/news/news_0009.html)
7. Efectuar reunións de coordinación entre os profesores que imparten docencia nos diferentes cuatrimestres e xuntanzas cos coordinadores para planificar o contido do cuatrimestre docente e da realización de actividades complementarias nas diferentes materias
8. Acceso á información específica sobre obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación presentes nas programacións de cada materia e disponibles na paxina web do centro. <http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/titulacions.html?plan=12713&estudio=12714&codEstudio=12317&valor=9>
9. Complemento da ensinanza presencial por medio da utilización, por parte dos profesores do Campus virtual da USC, no que figuran en cada unha das materias as Guías Docentes, aprobadas pola Xunta de Facultade do Centro.
10. Potenciación das prácticas de campo, como instrumento esencial para aprendizaxe dos procesos que acontecen no territorio.
11. Publicación dos horarios das materias na web do centro para facilitar a comprensión dos mesmos polos alumnos e docentes.

## PROPOSTAS DE MELLORA:

### 1.- Apertura dun proceso de reflexión cara a as posible inclusión, dentro das materias de Formación Básica, de materias doutras disciplinas de Ciencias Sociais.

- **Punto débil:** Materias de Formación Básica do título con escasa apertura a outras disciplinas próximas de Ciencias Sociais (como a socioloxía Urbana ou o desenvolvemento rexional e económico) e Ciencias da Terra (aquelas cunha maior relación coa xeomorfoloxía ou a teledetección: computación, edafoloxía, xeoloxía). Ademais de potenciar os coñecementos xeográficos dende o primeiro curso
- **Ámbito de aplicación:** Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio.
- **Responsable:** Decanato da Facultade de Xeografía e Historia e Comisión de Titulación.
- **Obxectivos específicos:** Abrir o título a materias de Formación Básica que teñan en conta outras disciplinas de Ciencias Sociais e da Terra de interese para a formación dos alumnos e competencias transversais necesarias para a súa correcta inserción no mercado laboral.
- **Actuacións a desenvolver:** Redefinición das materias de Formación Básica no caso de que se considere necesaria a transformación do título.
- **Período de execución:** A súa execución nunca terá lugar antes do proceso de avaliación e valoración do Título, é dicir, una vez rematado os catro primeiros cursos que compoñen a primeira promoción do grado, posiblemente nunca antes da verificación do mesmo transcurridos os pertinentes 6 primeiros anos.
- **Recursos/financiamento:** Non se precisan.
- **Responsable do seguimento:** Coordinador de Grao, Decano do Centro.
- **Indicadores de execución:** Modificacións no deseño das materias de Formación Básica na futura MVT.

### 2. Incrementar as tarefas de coordinación entre os profesores que imparten materias nun mesmo curso

- **Punto débil:** Necesidade de incrementar as actividades de coordinación docente (e motivar aos profesores a para traballar nesta liña)
- **Ámbito de aplicación:** Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio
- **Responsable:** Coordinador de Título/Coordinadores de curso/Profesores
- **Obxectivos específicos:** Optimizar os recursos docentes para aplicar os procedementos de ensinanza aprendizaxe

- **Actuacións a desenvolver:** Concienciar a os profesores, por medio de reunións de coordinación, da necesidade de establecer unhas bases para a coordinación de materias impartidas nos distintos anos do Grao; Concienciar a os profesores da necesidade de coordinación das competencias para lograr un sistema de ensino de calidade. Celebrar unha reunión de coordinación a principios de cada un dos cuatrimestres nos que os profesores establezan acordos sobre actividades que podan realizar en común cos alumnos
- **Período de execución:** Curso 2013-2014
- **Recursos/financiación:** Non necesita
- **Responsable do seguimento:** Coordinadores/ Profesores
- **Indicadores de execución:** Programacións das materias/Guías docentes das diferentes materias

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
<p>1.-Modificacións nos horarios para dotalos dunha maior coherencia, á hora de que as sesións expositivas e interactivas de docencia para cada grupo coincidan no mesmo día</p> <p>2.-Aínda por determinar as materias concretas, pero reformulación das materias básicas pois algunhas titulacións están sobredimensionadas (Historia) fronte a posibles incorporacións como Electrónica e Computación (Teledetección), Edafoloxía, Xeoloxía, Economía ou Socioloxía</p>	<p>1.-Modificación para corrixir as deficiencias detectadas na organización do Horario</p> <p>2.- Necesidade de formación do alumnado nun número maior de materias afíns á Xeografía</p>

## RECURSOS HUMANOS

*Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

### Referentes:

Apartado 6. de la MVT

PERSONAL ACADÉMICO..... 87

6.1. Profesorado e outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o

plan de estudos proposto. .... 87

### Sistema de Garactía Interno de Calidad (SGIC) de la Facultad de Geografía de Historia

1. SGIC: Manual del Sistema, cap. 8, MC 08

2. SGIC: Manual de Procedimientos:

- Geografía e Historia-PS-01 GESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS
- Geografía e Historia -P01-PS-01: EVALUACIÓN DE LA ACTIVIDAD DOCENTE

### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusiones:

Aínda que o persoal académico que se ocupa da docencia no Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio faino de maneira correcta, con compromiso e boas valoracións dos alumnos, e que ademáis compaxina esta con outra en materias da Licenciatura de Xeografía e diversos Programas Oficiais de Posgrao, cómpre salientar a excesiva carga docente (que se sitúa dende hai moitos anos no límite da carga docente legal) que está a soportar, sobre todo en relación aos seus compañeiros de facultade das outras titulacións e á media da universidade. Por iso cabe demandar da universidade que na medida do posible poidan incorporarse novos docentes á titulación. A plantilla pode verse na web da USC: Fonte.- <http://www.usc.es/gl/departamentos/xeografq/profesorado.html>.

Os docentes son todos eles doutores e con contratos estables, excepto nun caso, formados e especialistas nas diferentes materias do Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio, con ampla experiencia na docencia universitaria, tanto nos antigos estudos de Licenciatura como con docencia en Masters diversos.

Datos indicativos da conveniencia do personal coa titulación, e o porcentaxe de PDI a tempo completo, que imparte a titulación que contan con sexenio e/ou quinquenios, no que se produce unha tendencia ascendente que así o demostran os datos dispoñibles (Curso 2009-2010.- 76,9%; Curso 2010-2011.- 77,8%; Curso 2011-

2012. 78,9%).

Fonte: [http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/2012-30-00\\_Porcetaxe\\_PDI\\_sexenios-quinquenios\\_GRAOS.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/2012-30-00_Porcetaxe_PDI_sexenios-quinquenios_GRAOS.pdf)

A adecuación da súa experiencia cos ambitos de coñecemento asociados ao título non ofrece dúbida posto que todos eles imparten docencia desde hai varios anos no contexto formativo da Xeografía e o Ordenamento Territorial, o que leva a que un alto porcentaxe dos docentes sexan funcionarios con alta cualificación docente e investigadora (curso 2009-2010.- 92,3; Curso 2010-2011.- 94,4 e Curso 2011-2012.- 94,7).

Fonte: [http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/2012-30-00\\_Porcetaxe\\_PDI\\_funcionario\\_GRAOS.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidad/descargas/grao2012/2012-30-00_Porcetaxe_PDI_funcionario_GRAOS.pdf), ao tempo que realizan de forma periódica programas de formación que lle permite actualizar o coñecemento así como os diferentes metodos de innovación docente. Programas de formación no que tamén habería que incluír os realizados polos PAS, que atenden ás necesidades do Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio. Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/pas.html>

#### BOAS PRÁCTICAS:

1. Vontade de actualización docente do profesorado do Grao mediante a realización de cursos de innovación docente (elaboración de guías docentes, cursos de plataformas virtuales ...), dentro do Programa de Formación e Innovación docente da USC. [http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/pfid\\_programa.html?actividad=PFID.11tic-02&lugar=C.+Norte%2C+Fac.+CC.+Econ.+e+Empr.%2C+Aula+de+inform%E1tica+7&datas=30+maio+e+5+xu%F1o&ano=62&nome=Dese%F1o+e+implementaci%F3n+dunha+materia+no+campus+baseado+n+software+libre&horario=30+maio+09%3A00-12%3A00h.%3B+5+xu%F1o+09%3A00+a+11%3A00h.](http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/pfid_programa.html?actividad=PFID.11tic-02&lugar=C.+Norte%2C+Fac.+CC.+Econ.+e+Empr.%2C+Aula+de+inform%E1tica+7&datas=30+maio+e+5+xu%F1o&ano=62&nome=Dese%F1o+e+implementaci%F3n+dunha+materia+no+campus+baseado+n+software+libre&horario=30+maio+09%3A00-12%3A00h.%3B+5+xu%F1o+09%3A00+a+11%3A00h.)

#### PROPOSTAS DE MELLORA:

##### 1.- Mellorar o funcionamento e a coordinación nos procesos administrativos de xestión do Grao

- **Punto débil:** A ineficiencia na distribución de funcións e tarefas entre certos postos administrativos.
- **Ámbito de aplicación:** Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio
- **Responsable:** Xerencia
- **Obxetivos específicos** Acadar coordinación efectiva entre as diferentes instancias administrativas
- **Actuacións a desenvolver:** Coordinación de servizos.
- **Período de execución:** Curso 2012-2013 e sucesivos.
- **Recursos/financiación:** Non se requiren.
- **Responsable do seguimento:** Vicerreitorado/ Xerencia/Decanato/ Coordinadores/Administrativos.
- **Indicadores de execución:** Mellora do servizo e da administración universitaria.

#### BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS

#### XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

### RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.

#### Referentes:

1. Apartado 7. de la MVT  
**RECURSOS MATERIALES Y SERVICIOS ..... 95**  
7.1. Justificación de la adecuación de los medios materiales y servicios disponibles. .... 95  
